

ESTREA EN NUMAX: 24.05.2019 | V.O.S.E. | +16

Blaze (2018, 127')

Dirección: Ethan Hawke

Guión: Ethan Hawke, Sybil Rosen

Elenco: Ben Dickey, Alia Shawkat, Josh Hamilton, Charlie Sexton, Sam Rockwell, Wyatt Russell, Steve Zahn, Richard Linklater, Kris Kristofferson

Son: Ian McGettigan

Montaxe: Jason Gourson

Dirección de arte: Elissabeth Blofson

Vestuario: Lee Kyle

Fotografía: Steve Cosens

Produtoras: AAnsgar Media, Village Studios (Estados Unidos)

Distribuidora: Elamedia

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2018 (Premio Especial do Xurado), Americana Film Fest (Premio da Crítica)

FILMOGRAFÍA

La vida de Seymour, 2014

The Hottest State (El estado más caliente), 2006

Chelsea Walls, 2001

SINOPSE

Narra a vida do cantante e compositor de country norteamericano Blaze Foley. Blaze foi unha inusual lenda da música do Texas Outlaw Music que enxendrou autores como Merle Haggard e Willie Nelson. A través dunha historia que percorre tres períodos da súa vida, os diferentes fíos exploran o seu romance con Sybil Rosen; a súa última noite escura na terra; e o impacto das súas cancións e o a súa morte nos seus fans, amigos e inimigos.

«Un tributo á integridade artística e o mellor biopic musical do ano»

Peter Travers, ROLLING STONE ★★★★★



“Considero o filme como unha ópera country”

Entrevista con Ethan Hawke

Quen foi Blaze Foley? Blaze Foley é un proscrito, o *Snuffleupagus* da escena da música country. Ouvín falar del cando escoitei o *cover* de John Prine da canción *Clay Pigeons* e pensei que era unha das mellores cancións country que tiña escoitado nunca. A medida que indagaba máis e máis en quen escribiu a letra, a historia da vida de Blaze se converteu en algo tan convincente como a súa música.

A música é un personaxe máis do filme. Que significa para ti a música de Blaze? Sempre considerei este filme como unha ópera country. A película aspira a falar sobre a creatividade e onde esta se cruza co amor romántico como unha manifestación saudábel e onde se cruza co narcisismo como manifestación negativa. Separar o filme e a súa música é imposible. A mellor música country ten a capacidade de penetrar, especialmente da época en que transcorre o filme.

Cando liches por vez primeira as memorias de Sybil Rosen e cando te decataches de que querías facer este filme? Lin as memorias despois de querer facer o filme. Achegueime ao meu amigo Louis Black, que coñecía a Blaze e a Townes Van Zandt, para preguntarlle

que parte da historia de Blaze era interesante para el, e díxome que tiña que ler o libro de Sybil Rosen.

Como atopaches a Ben Dickey, o actor que interpreta a Blaze? Ben é a razón para facer o filme. Toda a experiencia do filme é o meu amor pola música de Blaze Foley cruzado co meu amor por Ben. É unha persoa talentosa, un gran músico, e sabía que quería traballar con el dunha maneira seria, que as nosas paixóns se cruzasen aquí. A relación de Ben coa música é tan real e profunda que sabía que podía conectar coa experiencia de Blaze. Recordo ver hai tempo a Ben Dickey tocar nun espectáculo en Filadelfia e cativou a multitude durante catro horas coas súas cancións e as súas historias. Eu sabía que había ser un grande actor.

Xunto con Ben, Blaze conta cun reparto redondo, incluíndo moitos actores que tamén son músicos. Cando empecei no cinema a xente adoitaba dicirme que para que quería escribir ou dirixir cando xa me tiña iniciado na actuación. Hai unha certa tendencia á especialización, a sobresaír nunha soa área, pero eu sempre sentín que as diferentes formas de arte ou creación teñen moito máis en común do que as fai diferentes. Cando traballei co músico Charlie Sexton en *Boyhood* (Richard Linklater, 2014) sabía que ía achegar gran seriedade á actuación. Non era un afeccionado e tomou moi en serio o significado que o personaxe tiña para el. Cando comecei a pensar en *Blaze* souben

que Sexton tiña que facer de Townes Van Zandt. O seu coñecemento musical eleva o ton do filme, abre todo un filón. A miña idea é que o grupo de amigos e músicos de Blaze Foley era como unha gran familia e iso foi o que tentei crear eu tamén.

Por que decidiches rodar o filme con tramas trenzadas? Sempre estiven extremadamente interesado nunha relación non lineal co tempo. Con moita frecuencia os intres significativos das nosas vidas teñen a súa orixe anos antes e a súa resolución ten lugar anos despois. Hai un gran misterio arredor da creatividade humana, o que significa para nós, de onde vén, e cara a onde vai. Non me interesa tanto o contido dunha historia como o seu desenvolvemento.

Con que queres que fique o público tras ver o filme? Coa música. Amo tanto a música de Blaze Foley e Townes Van Zandt que a miña maior aspiración é compartir ese amor.

Publicado en elamedia.es
 Tradución: Xan Gómez Vías

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
 Concepción Arenal, 9 baixo
 15702 Santiago de Compostela
 TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
 #eusondenamax